

**Tareixa A. Ferreiro Tallón**  
Vicepresidenta e deputada delegada  
da área de Cultura da Deputación de Lugo

Un ano máis, diríxome ao profesorado dos centros escolares da provincia de Lugo e do resto de Galiza acompañando o envío do programa de actividades para o curso escolar 2022-2023 nos catro museos que integran a Rede Museística Provincial de Lugo, dependente desta Deputación, e que son Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol), Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) e Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

Como poden comprobar, as actividades que se programan, inspiradas pola sostibilidade, a integración e a diversidade no máis amplo sentido, teñen como obxectivo prioritario achegar ao alumnado recursos e coñecementos a través das obras e coleccións que se albergan en cada un dos museos e que son en cada caso, como seguramente sabe, testemuño vivo e moi variado da memoria colectiva das distintas comarcas da provincia de Lugo.

O persoal dos departamentos de didáctica de cada un dos museos están permanentemente á súa disposición, ofrecendo a súa mediación presencial ou virtual no desenvolvemento das actividades así como para resolver as consultas que consideren oportunas.

Agardo que ao remate do curso 2022-2023, tras participar co seu alumnado en algunha das nosas propostas, sintan que o lema que guía o noso quefacer “Ronsel de futuro. Rumbo ODS 2030” colme plenamente as súas expectativas.

Un saúdo cordial

	IV7AQQZYJV6JROUDWEAMPYDHCA	<b>Fecha y Hora</b>	08/09/2022 10:26:44
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
<b>Firmado por</b>	MARÍA ENCARNACIÓN LAGO GONZÁLEZ		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQQZYJV6JROUDWEAMPYDHCA">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AQQZYJV6JROUDWEAMPYDHCA</a>	<b>Página</b>	1/1

